

TEMPOS

ÁNHEL
HUETE

DUN

MANEL
LLEDÓS

ENCONTRO

MIGUEL
SACO

1

9

8

1

2


0

1

7

Nova York

Vigo



Do 18 de maio
ao 23 de xullo de 2017

.....

Casa das Artes

CONCELLO
DE VIGO



TEMPOS DUN ENCONTRO

Chus Martínez Domínguez
Comisaria

Esta exposición aborda a acción artística desde a experiencia dun lugar. Un espazo de tempo concreto, fixado e cargado de intencións: Nova York a comezos dos anos oitenta; desexado, imaxinado e vivido polos artistas Ánxel Huete (Ourense, 1944), Manel Lledós (Barcelona, 1955) e Miguel Saco (Ourense, 1956). Un encontro compartido que agora se revisa na procura de reactivalo, a través das



Ánxel Huete, *S/T*, 1981. Pintura sobre papel (152 x 121 cm).



Ánxel Huete, *Melancolía 2*, 2016. Acrílico sobre lenzo (150 x 150cm).

obras realizadas neses anos xunto ás súas últimas pinturas e esculturas. A elección da illa de Manhattan como destino do seu periplo vital e mental, explícase no desexo de buscar estímulos, aspirando a integrarse na súa diferenza, seducidos pola toma de contacto coa idea de modernidade, que esta cidade viña ofrecendo desde os anos vinte e, xa definitivamente, desde o fin da II Guerra Mundial. Nela, estes artistas iniciaron un excéntrico encontro, compartindo a vida nun mesmo apartamento e estudo no Lower East Side, que foi o epicentro do seu breve tempo xuntos na cidade dos rañaceos —Lledós e Saco lograron incorporarse ao complexo sistema americano, mentres a memoria comprometida



Manel Lledós, *Teatros #6*, 1981. Acrílico e lapis sobre cartón (51 x 56 cm).

de Huete fíxoos regresar e seguir creando e implicándose desde Galicia—. Un relato persoal que se enfrenta á cidade idealizada e mediatizada polo cine, a música e a literatura, a través de sensíbeis narracións cotiáns, baseadas en experiencias de supervivencia nun dos seus barrios máis antigos e perigosos, definidas nunha precariedade de medios e barreiras idiomáticas que dan conta da dureza persoal e profesional que viviron. Todo axustado en intensas impresións, que son as que quedan, as que se instalan na memoria como interferencias que regresan de lonxe para axitar os pensamentos.




Manel Lledós, *Pasajes #3*, 2015. Óleo e lapis sobre tea (162,5 x 213cm).

Trátase dunha aproximación vital e artística que, nas súas posibles perspectivas de interpretación, tamén suxire necesarias apreciacións acerca do concepto “diáspora cultural”, que se inclúe nos procesos migratorios como un máis e que se ben estes dan resposta a posibles problemas económicos que, desde os lugares de orixe, animan as persoas a abandonar os seus fogares e tentar probar sorte noutros espazos, aquel tipo de mobilidade non atende precisamente a estas circunstancias. Podemos falar entón, doutras motivacións que dan pé a esta “emigración especial”, como os relacionados co desexo de vivir noutro lugar, que no caso dos artistas contemporáneos ten que ver coa vontade de pór en marcha unha viaxe, esencialmente interior, cara a continxencia; á expectativa,

ao descubrimento e á ambición de poder formar parte dunha realidade enriquecedoramente distinta. Así, nestes desprazamentos, o coñecemento, pasa a ser o referente en contraposición ao estatus social e, por suposto, ao económico.

O potente contexto neioirquino, que desde finais dos anos setenta iniciou unha efervescente e decisiva etapa, modificou a vida e a obra dos tres autores. A experiencia foi unha sorte de interruptor que activou algo especial nas súas traxectorias, que se mantiveron nun rico diálogo entre os traballos propios e as



Miguel Saco, *S/T*, 1981. Técnica mixta, detalle (74 x 33 x 2,5cm).

referencias estéticas que agromaban no contexto americano como o abstraccionismo ou o minimalismo, entre outros.

A presente exposición, desde o lugar privilexiado do reencontro, mostra a forza innata do que novamente comeza. Un diálogo a tres voces fundamentado en traballos recentes, algúns deles realizados ex profeso para a mostra, xunto a outros pertencentes ao período 1981-1982. Obras que, a pesar de actuar coma ecos dun afastado momento, converten o percorrido nunha nova travesía de espazos cargados de realidade, dando lugar a un novo encontro que active un novo tempo.



Miguel Saco, *S/T*, 2014. Madeira lacada (124,5 x 18 x 18cm).

H

LL

Casa das Artes

Policarpo Sanz, 15. Vigo

Do 18 de maio ao 23 de xullo de 2017

Luns a venres: de 18:00 a 21:00 h

Sábados: de 12:00 a 14:00 e de 18:00 a 21:00 h

Domingos e festivos: de 12:00 a 14:00 h

A sala dispón de audioguías explicativas da exposición, en galego e castelán (número de aparellos limitado, consultar na recepción)

Descarga díptico



Descarga catálogo (a partir do 25 de maio)



galego e castelán



inglés

Das obras e do texto: ©as persoas autoras
Fotografías de portada: Nova York, Acalu Studio. Vigo, Oco Diseño
Fotografías das obras: Carlos R. Prieto
©Ánxel Huete, VEGAP, Vigo, 2017.

Dep.Legal : VG319-2017

S